

SUSHI para 4

Montse Rego+Longina

Roberto D. Bouzas+H. Basalo
a mares. olladas atlánticas
certame.nova.creación.visual
Museo do Mar de Galicia

SUSHI para 4

Montse Rego+Longina
a mares. olladas atlánticas
certame.nova.creación.visual
Museo do Mar de Galicia
PROXECTO

dvd_video_cd-rom_audio-cd_fotografía_ambientación

[...] os sons non son só símbolos, son actos [...] (1*)

Sushi para 4 é o nome do proxecto que presentamos neste certame. Trátase dunha colaboración entre a artista visual Montse Rego e o artista sonoro Longina. Traballamos xuntos dende hai tempo, e a derradeira fusión destas dúas perspectivas persoais rematou (na edición dun cd-audio (publicado internacionalmente) que leva por título Siam Acnun!, a denuncia sutil e contundente da traxedia do Prestige (os títulos das pezas sonoras lembran ós nomes dos petroleiros que afundiron na década pasada: “nosac”, “aloiuqru”, “oexe ram” –léase, por favor, de dereita a esquerda, como o nome da obra-). Este traballo foi presentado en Vigo, Pontevedra, Bilbao, Sevilla, Barcelona, Porto e Lisboa. Enviamos adxunto á proposta o art-work desta publicación.

O título da obra que presentamos a concurso, “Sushi para 4”, fai referencia aos catro puntos cardinais, ó mar, á modernidade, ao sabor a mar, e a nos os catro (somos dobres) pedindo sushi e ao menú cádruple de pezas que temos intención de construír para a exposición:

[menú sonoro] Paisaxe sonora do océano. O murmullo do atlántico

O interese pola Paisaxe Sonora non é recente, mais foi pouco estudiado dende o punto de vista artístico e cultural. Un dos grandes desexos do inconsciente colectivo é a diminución do “ruído ambiental” máis, en moitos casos, esta banda sonora forma parte da nosa memoria histórica e, en casi todos eles, serve como materia de identidade dun determinado lugar. Por esta razón, a actitude hacia o son dun lugar non só debe ser positiva, senón que de debe estudar para identificar aqueles compoñentes que merecen a pena conservar, ou incluso, restaurar. Unha aproximación ó són do mar é unha aproximación o seu patrimonio, que pode recollese con fins estritamente documentais ou, neste caso, como materia bruta para o posterior traballo artístico. Expoñer són nunha instalación artística é, en realidade, contar o “paso do tempo”, sincronizar a liña do tempo universal con ese momento e esa situación. Os sóns son materias non renovables e o feito de capturalos e expoñelos, supón un alongamento da súa vida útil, xenerando novos espazos vivos e mutantes. Percibir, comprender e concebir a nosa identidade sonora, a do noso océano, a súa coherencia e a súa idiosincrasia é un exercicio necesario e saudable. Temos intención de crear retratos ou “Postais Sonoras” do océano para tratalos, procesalos e pasalos polo noso filtro persoal e finalmente expoñelos no Museo en DVDs multicanal (realidades acústicas en Dolby Surround). Unha parte (o CD_1) seguirá os consellos da Bauhaus, R. Murray Schafer, H. Westerkamp, Barry Truax, Leonardo Fiorelli, Chris Watson, J.M Berenguer, J.Iges ou o máis laptopista, Francisco López; a outra (o CD_2) introduce con valentía un novo xeito de grabar paisaxes sonoras desatendendo á literalidade da escoita e atendendo á escoita persoal, fuxindo da premisa de que a riqueza tímbrica dos sóns naturais é a máis pura para achegarse ás paisaxes forzadas e ao micro-grao dixital-sonoro.

[menú fotografía] Exposición fotográfica do diario de traballo. Acción estática

Durante a viaxe performántica recollendo sóns polas costas galegas, faremos un diario fotográfico que sirva de testigo deste traballo de campo. Estas fotografías formarán parte da historia na que os actores, (nós mesmos), posamos para a construción dun diario [log>weblog] no que se recollerán anécdotas, impresións e discusións teóricas arredor de **sushi para 4**.

Dividirase por capítulos e expoñerase nun formato “fotonovela” dentro do espazo creado para a exhibición, dunha maneira similar a que se presente no weblog do cd. Ademais haberá fotografías das acción realizadas que servirán de ambientación do espazo.

[menú performer] Instalación de video. Acción dinámica

Así mesmo, ao longo desta viaxe chea de accións, grabaremos videos que recollan estes momentos fugaces, estas accións. Só penetraremos no océano a través dunha visión cercada por unha barreira, como un lenzo que nos permite entrar só un pouco, sin perder a liña da costa, porque se perdemos esta liña corremos o risco de quedar con dúas manchas de cor azul moi mínima, eso si, pero moi aburridas.

Có resultado desta actitude montaremos unha videoproxección para completar a obra, e todo o material incluíremolo no cd blog completando o diario.

[menú ambientación] Algas iziqui con arroz. A nosa presenza na exposición

Ao rematar o proceso tecnolóxico, os tres primeiros menús, somos conscientes de que voltar a ollada atrás pode convertírnos en estatuas de sal. Unha vez rematados os produtos destas accións (sonora e visual), temos a sospeita de que poden caducar, porque en realidade contan o paso do tempo, un tempo que xa pasou. Para evitar esta catástrofe, temos a intención de formar parte da exposición na inauguración, de presentar os nosos corpos arredor dunha mesa comendo algas con arroz —plato sinxelo pero que ten toda a memoria olfativa do mar, é como comer o mar, sendo ademais o arroz un cereal que se cultiva en terreos anegados— e discutindo sobre a mortalidade, rodeados de son, imaxe estática e imaxe en movemento.

O espazo será una estancia circular —xa que é a forma que máis nos pode meter dentro do mar— unha especie de pequeno salón do Capitán Nemo, un espazo branco cunha grande fiestra á maneira de ollo de boi ou de peixe, na que se retroproyectan os videos. A iluminación ténue, a que se escape dos diversos focos puntuais que iluminarán o ordenador, as fotos, a mesa e un contenedor con auga para que reflexe nas paredes algunha que outra onda.

Sushi para 4 consta, logo, dunha caixa de produtos eléctricos que retratan a nosa visión sobre o océano. Una proxección de video en DVD, dous CDS de AUDIO (un deles recollerá o son literal do océano, sin procesos e clasificado —os diferentes tracks—según o lugar de recollida, ao que chamamos “postais sonoras do atlántico” e o outro alterado, procesado e filtrado que represente a nosa escoita persoal) , unha serie de fotografías da viaxe e para rematar, un CD_ROM que recolla toda a información xenerada (audio, video, imaxe estática, textos, etc).

Quén sabe si por algún erro nos atoparemos con algunha sorpresa agradable...

[...] Só observo que nas máis sofisticadas presentacións, os erros tenden a ser máis interesantes para a audiencia co éxito. [...]
(2*)

Adxuntas a esta carta-proxecto van as fichas técnicas das necesidades, os presupostos e un croquis da posible exposición da obra, tamén adxuntamos o traballo interno da publicación do Audio-CD !Siam Acnum e a documentación solicitada

Montse Rego (Roberto Bouzas)

Chiu Longina (H. Basalo)

NOTAS

(1*) Barber, Llorenç: “Os deuses mortos”, en Revista de Occidente, Nº 151 (Madrid, decembro 1993). Pp. 27-46

(2*) Zicarelli, David. (Citado por) *Kim Cascone A Estética do Erro*, <http://www.ccapitalia.net> (derradeira consulta: outono 2003).

SUSHI para 4

Montse Rego+Longina
a mares. olladas atlánticas
certame.nova.creación.visual
Museo do Mar de Galicia
MOTIVACIÓN

O mar fronteira, entendida como barreira, límite e fin, pero tamén comenzo de todo, da ilusión e tamén dos medos.

Este ano foi o do mar, voltamos sempre a descubri-lo cando nos doe, cando grita, cando nos vota.

Danos medo enfrentanos con el, é como en toda relación de parella —nos como terra— amámolo pero sempre o facemos sufrir e el volve a votarnos do seu lado.


O ano no que mudamos como pobo e vivimos unha ilusión, o momento no que vimos a nosa imaxe reflexada nel, foise ata a cor, e vimos qué somos realmente: ese amante que mantén preso ao outro a base de dor e destrución.

Despois deste tempo, este certame supón unha oportunidade para que lle devolvamos algo do que nos deu ás nosas vidas, por iso pretendemos presentar un proxecto en forma de viaxe, unha especie de odisea ó longo de 5 días, nos que producir o material para a mostra. Vai ser como atoparnos cun gran lenzo xa debuxado, que supón o mar coas liñas tan definidas: liña de costa, de horizonte, das mareas...

Tamén é un tanto reivindicativo e non podemos olvidar o mar de xente que pretende defendelo e no cd recordaremos algún destes momentos, que temos almacenados.


Tampouco queremos olvidar o lado hedonista e lúdico, por iso o nome [Shusi para 4](#) e por iso a acción a desenvolver na inauguración. Trátase de comer o mar e estes son dous platos que ao mesmo tempo máis o poden evocar. Ademais lembran que o océano non sempre é fronteira e nel, e a través del todos nos confundimos, é o elemento que nos fai máis cosmopolitas.

Por estes motivos, é pola oportunidade que representa esta convocatoria, fixemos este proxecto, entre Londres e Santiago.



SUSHI para 4

Montse Rego+Longina
a mares. olladas atlánticas
certame.nova.creación.visual
Museo do Mar de Galicia
CROQUIS



- [1] Mesa [SUSHI para 4](#)
- [2] Ordenador
- [3] Fotos blog e [SHUSI para 4](#)
- [4] Retroproyección







